

SELECCIÓN DUN TRACTORISTA DENTRO DO PROGRAMA DA XUNTA DE GALICIA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)**ACTA Nº 1**

Na Casa do Concello ás 10,15h do día 10 de xullo de 2025 constitúese o tribunal de selección para un tractorista dentro do programa da Xunta de Galicia de fomento de Emprego no medio rural (Aprol rural), cos seguintes membros: presidente, D. Andrés Busto Allo, secretaria, D^a. Berta Buján Casanova, vogais, D. Manuel Rama Dosil e D^a Sofía Pérez Figueira e Juana Pedrosa Leis.

Os candidatos foron preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego, tal como se especifica no Artigo 14, punto 4, da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento de Emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, tendo consideración de lista definitiva de aspirantes, aprobada esta por resolución de alcaldía, segunda a base 8 das bases do proceso selectivo obxecto deste acto.

Procédese a realizar a fase de selección:

1^a.-De conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das citadas prazas (Base 9^a.1), realízase unha proba práctica aos aspirantes que se presentaron, co obxecto de que poñan de manifesto as habilidades nas cuestións técnicas e o correcto manexo da maquinaria empregada para a realización das tarefas diarias propias do posto. Para levala a cabo os membros do tribunal desprázanse ata a Rúa do Catelo s/n, lugar de Entíns, ubicación na que se convocan aos aspirantes.

Realizada a proba proposta, a cualificación da mesma é a seguinte:

Identidade do aspirantes	Puntos obtidos
José Manuel Martínez Antelo	3,75 pts
Domingo Manuel Nieto Lestón	Non apto (Non acada a puntuación mínima esixida)
Cristian Santiago Caamaño	4.50 pts



2º.- Non se procede a valorar a fase de méritos establecida nas bases da convocatoria (Base 9ª 2) , posto que ningún dos aspirantes presenta documentación xustificativa dos mesmos.

3º Concluído o exercicio, o tribunal propón, por acadar a maior puntuación no proceso, a contratación como tractorista do programa APROL RURAL 2025 a **D. Cristian Santiago Caamaño, DNI: **.***.*94N.**

4ª Establécese un período de reclamacións ou suxestións, que rematará o vindeiro martes, 15 de xullo, ás 14.00h.

O tribunal conclúe a sesión sendo as 13.30 h na data sinalada no encabezamento.

O Tribunal, conforme

